



MEMORIA DE ACTIVIDADES Y ECONÓMICA 2017

ASOCIACIÓN ELAS



ÍNDICE

Presentación	3
1-A Entidade	4
• Datos Xerais • Obxectivos • Ámbito territorial	
2-Organización	7
• A Xunta Directiva • Voluntariado	
3-Actividades Ano 2017	8
• Mes a mes.	
4-Agradecementos	19
5-Datos Económicos	20
• Balance de Situación 2017. • Conta de Resultados 2017.	



PRESENTACIÓN

A Asociación Elas naceu no ano 2005 co obxectivo de fomentar a integración da muller na vida social, cultural, económica e política a través da promoción dun valor fundamental como é o de Igualdade.

Ao longo da nosa traxectoria (este pasado Xuño cumplimos doce anos de existencia), traballamos, pola muller e pola igualdade, tanto no noso Concello de Bergondo, como na nosa comarca, formando parte das entidades supramunicipales máis importantes: Reserva da Biosfera, GDR-23, GALP Golfo Ártabro Sur, etc.

A XUNTA DIRECTIVA

Decembro 2017



1- A ENTIDADE

DATOS XERAIS

Denominación: Asociación Elas, pro-igualdade de dereitos da muller.

Nº de socios/as a 31 de Decembro 2017: 35

CIF: G70027750

Data de constitución: 6 de Xuño de 2005

Inscripción no Rexistro Central de Santiago

Núm: 2005/008.980/1

Inscripción no REMAV do Concello de Bergondo

Núm: 20

Domicilio social

Lugar Carrio 54A-Bergondo- A Coruña

Código postal: 15165

Teléfono: 616 398 143

E-mail: elasociacion@hotmail.com

Web: www.mencargf.wix.com/elasociacion



OBXECTIVOS

Son obxectivos principais da Asociación Elas: Realizar as accións e actividades necesarias para traballar a favor dos dereitos e intereses da muller.

Actividades para conseguir os obxectivos:

- a. Potenciar o benestar social e a calidade de vida das mulleres con actuacións en tódolos ámbitos posibles, fomentando a economía social, o voluntariado social e a acción social.
- b. Difundir os valores de igualdade entre as persoas sen discriminación por sexo e defender os dereitos e intereses das mulleres.
- c. Informar e instruír as mulleres en cuestións que afecten ó seu interese xeral.
- d. Realizar campañas de sensibilización da poboación sobre os problemas da muller.
- e. Combater as conductas discriminatorias contra a muller.
- f. Favorecer a integración social e laboral das mulleres en risco de exclusión social.
- g. Promover a presenza das mulleres nos ámbitos de participación políticos e sociais.
- h. Fomentar a comunicación, relación e intercambio con outras organizacións de mulleres e fomentar redes de apoio mútuo e autoestima.

ÁMBITO TERRITORIAL

A pesares de que, pola súa fundación, a Asociación Elas está moi ligada ao territorio da comarca das Mariñas (A Coruña), onde procuramos ser activas, o seu ámbito territorial abarca enteiraamente a Comunidade Autónoma de Galicia.





2- ORGANIZACIÓN

ÓRGANO DE GOBERNO

A Xunta Directiva

Presidenta

Carmen García Fernández

Secretaria

Cruz Fernández González

Tesoreira

M^a Dolores Candal Fernández

Vocais

M^a Josefa González Carrín

Carmen Cantón Rodríguez

VOLUNTARIADO

Tódalas compoñentes da Xunta Directiva traballan de forma voluntaria, sen recibir ningunha remuneración.

Por isto, o voluntariado é unha figura esencial na nosa entidade. Desexamos seguir contando coa súa colaboración.



3-ACTIVIDADES

Durante todo o ano

Biblioteca

Elas foi creando unha Biblioteca con servizo de préstamo, con materiais procedentes de doazóns de varias Bibliotecas e Entidades, e tamén dos veciños e veciñas.

Damos prioridade a temas relacionados coa muller. Este material está a disposición do público. Tan só hai que cubrir una ficha de préstamo.



Biblioteca do local de Fiobre



GDR-23: As Mariñas-Betanzos

Elas adheriuse ao Grupo de Desenvolvemento Rural-23, "As Mariñas-Betanzos" no ano 2008. Participou de forma activa na súa creación. A nosa asociación continua formando parte deste GDR.



Candidatura LEADER (2014-2020)-GDR-23



Xunta Directiva do GDR-23-2016.

GALP "Golfo Ártabro Sur"

Elas participa no GALP "Golfo Ártabro Sur", para seguir traballando polo desenvolvemento da nosa Comarca na área de Muller. Formamos parte da Mesa do Sector Social, sección Mulleres. Tamén aportamos ideas para o desenvolvemento de proxectos. De feito, Elas participou na Elaboración da "Estratexia de desenvolvemento local participativo do noso GALP" o ano pasado. Satisfeitas de ver que se recollen tódalas propostas, incluídas as nosas. Fixemos 7 propostas, repartidas nos 3 bloques que se trataron, que foron as seguintes:

I- INNOVACIÓN E SECTOR PESQUEIRO:

- Posta en marcha dunha marca de calidade ligada á Reserva da Biosfera As Mariñas Coruñesas e Terras do Mandeo.
- Fomento da acuicultura, por ter moito potencial de crecemento e por ser o sector máis igualitario en xénero en canto a número de empregados-emplegadas.

II-ECONOMÍA E TURISMO:

- Fomento do turismo medioambiental: roteiros mariñeiros, observación de aves, etc. O ecoturismo ten de bo que non depende da estacionalidade.



-Fomento do turismo mariñeiro relacionado co traballo da muller do mar, para a súa visibilidade: visitas ás redeiras, ás marisqueiras, ás industrias de transformación, etc.

-Mellor formación do persoal no sector turístico, en temas coma: espazos de interés natural e biodiversidade na nosa zona costeira, actividades no mar e na natureza, idiomas, comercio a través de internet, etc.

III-MEDIOAMBIENTE E PATRIMONIO:

-Creación dun Voluntariado Ambiental, investindo na súa formación e no desenvolvemento das actividades deste Voluntariado.

-Posta en valor do noso patrimonio natural e, sobre todo, mellora na súa conservación.



Actividades do ano 2017

- **Actividade de ioga:** Foi impartida por Virginia Fernández, ao longo de todo o ano, no local social de Fiobre, os martes e os xoves.





- **Colaboración coa Asociación Mestura:** O ano pasado tivemos a sorte de poder retomar a nosa colaboración, dado que xa se dera no pasado, cos compañeiros e compañeiras da ONG Mestura, de Culleredo. Traballan para a integración de inmigrantes e emigrantes. Foron ponentes nas nosas Xornadas sobre Violencia de Xénero, no ano 2008. Moi contentas de este reencontro, que permitiranos sacar adiante proxectos en común.



- **Colaboración co Concello de Sada coa participación nos Consellos Sectoriais deste Concello:** Os Consellos Sectoriais son órganos consultivos de participación cidadá e a Asociación Elas foi convidada polo Concello para participar e formar parte do proceso no mes de Marzo.

Falouse da aplicación do Principio de Transversalidade, para ter en conta a perspectiva de xénero, en tódolos "Consellos Sectoriais". Creouse o "Consello Sectorial de Benestar Social, Muller e Saúde", porque non houbo suficientes entidades coma para crear un "Consello Sectorial da Muller" separado. A Asociación Elas forma parte deste Consello Sectorial.



Que nos convidasen foi unha sorpresa para Elas, dado que Bergondo é a nosa casa e, obviamente, a nosa prioridade. E así llo fixemos saber ao equipo técnico.

Polo que poidemos intuír, que haxa poucas entidades con temática de xénero, que poucas entidades estean formadas en temas de participación cidadá e o feito de que, durante estos anos, Elas colaboró con diferentes Concellos da nosa comarca, poido influir para que pensaran en nós. Así que, sorprendidas, pero tamén agradecidas, pola confianza e por poder aportar o noso pequeno "grao de area" a nosa causa na nosa comarca. Ahí estivo Elas e tamén Meigas de Sada.





- **Participación da Asociación Elas no órgano consultivo de Participación Social "Consello de Relacións Veciñais" do Concello de Bergondo:** O 22 de Maio deste ano constitúese este órgano consultivo previsto no Regulamento de Participación Cidadá (RPC). A asociación Elas, xunto con outras 26 asociacións de Bergondo, que forman parte do REMAV, aporta unha representante titular e unha suplente para a participación neste Consello Veciñal.





- **Participación da Asociación Elas na promoción da charla-presentación do programa “Cidadanas” de Fundación Mujeres:** Esta charla impartíuse o día 15 de Maio en Bergondo. O noso Concello, a través de Servizos Sociais, está a desenvolver este programa de apoio integral para coidadoras non profesionais que coidan dos seus familiares enfermos ou con algunha discapacidade. Este ano participan neste programa 9 coidadoras de Bergondo.

Charla “Saúde e Autocuidado para Coidadoras”



Es ou fuches coidadora de persoas dependentes?

**¡Querete!
¡Coidate!
¡VEN!**

Luns 15 de Maio 18:30h
Salón de Actos da Casa da Cultura

Impartida por: Fundación MUJERES













- **Rastrillo de Libros da Asociación Elas 2017:**



RASTRILLO DE LIBROS
ASOCIACIÓN ELAS
EN "A SENRA"

Libros a 1,2 y 3 euros.

Este año no habrá donación de libros.

FECHAS

Sábado 22 de Abril: de 11 a 1 de la mañana

Martes 25 de Abril: de 7 a 9 de la tarde

Sábado 6 de Mayo: de 7 a 9 de la tarde

Jueves 11 de Mayo: de 7 a 9 de la tarde

Miércoles 17 de Mayo: de 6 a 8 de la tarde





- **Participación da Asociación Elas na promoción da charla "Muller e psicofármacos":** Foi impartida polo psicólogo **Dr. Juan Carlos Prados Moreno**, da Unidade de Prevención de Drogodependencias e Conductas Adictivas, da Agrupación de Concellos de Betanzos.

Muller e psicofármacos



Dr Juan Carlos Prados Moreno

Psicólogo da Unidade de Prevención de Condutas Adictivas
Concello de Betanzos

Martes 6 de xuño de 2017 as 19:30 h.
Casa da Cultura
Concello de Bergondo

Coa colaboración da Asociación Elas





- Participación da Asociación Elas na VI Andaina pola Igualdade e Contra a Violencia de Xénero do Consorcio das Mariñas: O 25 de Novembro, percorremos uns 8 Km, pola ría do Burgo, polos Concellos de Culleredo, Oleiros e Cambre, co grupo do Concello de Bergondo.





4- AGRADECEMENTOS

A Asociación Elas quere agradecer o apoio, durante estes anos, das diferentes organizacións públicas e privadas que permitíronnos conseguir os nosos obxectivos.



Concello de Bergondo

Club de taekwondo Han's Horang-I



ONG MESTURA





5- DATOS ECONÓMICOS

BALANCE DE SITUACIÓN 2017		
ACTIVO		
D) ACTIVO CIRCULANTE		
D VI) Tesorería		
570	Caixa	302,55€
572	Bancos	3.391,80€
TOTAL ACTIVO		3.694,35€
PASIVO		
A) FONDOS PROPIOS		
A I) Fondo Social		
101	Fondo social	140,00 €
120	Excedentes. positivos exerc. ant.	8.295,79 €
121	Excedentes. negativos exerc. ant.	- 9.786,38 €
129	P y G (ganancias)	49,95€
B) PASIVO NO CORRIENTE		
171	Deudas l/p	224,98€
410	Acreedores	4.770,01€
TOTAL PASIVO		3.694,35€



CONTA DE RESULTADOS 2017		
GASTOS		
Nº CONTA	CONCEPTO	IMPORTE
626.0	SERVIZOS BANCARIOS	67,65 €
629.0	MATERIAL DE OFICINA	51,90 €
629.2	OUTROS SERVICIOS	5'00 €
625.0	PRIMAS DE SEGUROS	103'50 €
TOTAL GASTOS 2016		228,05 €
INGRESOS		
Nº CONTA	CONCEPTO	IMPORTE
720.0	COTAS DE SOCIOS	220,00 €
722.0	DONACIONES	58,00 €
TOTAL INGRESOS 2016		278,00 €
RESULTADO DO EXERCICIO 2017		
GASTOS		228,05 €
INGRESOS		278,00 €
GANANCIA		49,95 €